



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) CO FIN DE ACOLLER BOLSEIROS/AS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE MELLORA DA COMPETITIVIDADE NAS PEMES.

En Santiago de Compostela, a 23 de xaneiro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. Juan Manuel Cividanes Roger, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), con CIF Q 6550010J e domicilio en Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela. (A Coruña). Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do Presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

E doutra parte D./Dª, en nome e representación da ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA), con CIF G94017829, constituída o 1 de febreiro de 2010, ó amparo da Lei 1/2002 e inscrita na Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza co número 14085, con domicilio a efectos de notificación en R/ Velázquez Moreno nº9 - baixo, oficina 8 de Vigo (36201)

As partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente,

EXPOÑEN

- 1.- Que mediante Resolución da Dirección Xeral do Igape de 7 de xullo de 2017 publicouse a convocatoria de bolsas formativas para a realización de proxectos de mellora nas pemes galegas, cuxo obxectivo é formar especialistas no ámbito da xestión e asesoramento empresarial.
- 2.- Que nestas bolsas prevese a incorporación de recién titulados a empresas ou entidades que estean a realizar proxectos de mellora nas pemes galegas en diversos ámbitos que inclúen o diagnóstico de competitividade, a profesionalización da empresa ou o desenvolvemento estratéxico.
- 3.- Que a ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) cumpre as condicións de solvencia técnica e económica establecidas nas bases para o acollemento de bolseiros, segundo se desprende da documentación que consta en poder do Igape, e está interesada en adherirse ao programa como entidade colaboradora para a formación teórico-práctica de bolseiros.
- 4.- Que, convido aos lexítimos intereses dos comparecentes, acordan regular a dita colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

É obxecto do presente convenio regular as relacións de colaboración entre o Igape e a ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) para a acollida de un máximo de 2 bolseiro(s) da convocatoria de bolsas para a realización de proxectos de mellora nas pemes galegas.



SEGUNDA.-

A duración inicial da bolsa é de doce meses e a data de comezo estímase durante o mes de febreiro de 2018. A dita duración poderá ser prorrogada polo lgape por un período máximo de catro meses adicionais en consideración á conveniencia de finalizar etapas de formación práctica que xa estivesen comezadas ou a piques de comezar na data de finalización da bolsa, sempre e cando a ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) acepte a prolongación da estancia.

A dotación da bolsa será pagada integramente polo lgape ao bolseiro, e inclúe todos os impostos de carácter persoal así como a Seguridade Social. O lgape non aboará ningunha cantidade á entidade colaboradora.

O lgape asignará os bolseiros a ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) segundo a orde establecida na resolución definitiva da convocatoria, sen outra selección que a súa titulación, debido á especificidade do eido no que se vai desenvolver o programa formativo.

Tendo en conta os proxectos de mellora nos que se vai realizar a formación práctica, as titulacións aceptables para a bolsa son: enxeñería e similares.

TERCEIRA.-

A colaboración de a ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) consistirá en:

- A execución, dentro do horario laboral, do plan de formación teórico-práctico plantexado por ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA), que se une como anexo ao presente convenio.
- A posta a disposición das instalacións e os medios apropiados para o desenvolvemento da bolsa.
- O abono dos gastos de desprazamento do bolseiro desde o seu espazo habitual de traballo a outros lugares onde se desenvolvan as actividades formativas prácticas.
- A realización, a través do(s) titor(es) propostos na declaración responsable que se xunta, do seguimento da actividade desenvolta polo bolseiro dentro do programa de formación teórico- práctica establecida, e a provisión do asesoramento necesario para o seu correcto desenvolvemento e integración.
- A inclusión do bolseiro no plan de prevención de riscos da ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) ou das pemes nas que se desenvolva a formación práctica, se fose necesario, asegurándose de que é coñecedor do dito(s) plan(s).
- O certificado trimestral e envío da memoria final, á que se unirá informe de vida laboral do bolseiro durante o período de prácticas formativas que leve executado, a través da plataforma telemática que o lgape pon á súa disposición, do traballo do bolseiro para a liquidación dos correspondentes pagamentos por parte do lgape.
- Subministrar toda a información necesaria para que o lgape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

CUARTA.-

As actividades do beneficiario serán en todo caso formativas, sen que en ningún suposto poida ostentar a condición de responsable, nin tan sequera de facto, da execución de calquera tipo de actividade. O bolseiro deberá estar en todo momento supervisado e controlado polo titor que se lle designe, que será quen adopte calquera decisión que se considere necesaria e vele porque o beneficiario aproveite con éxito o proceso de formación.

Os dereitos e obrigas establecidas en virtude do presente convenio de colaboración non presupoñen relación laboral nin de servizos entre a ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA) e o bolseiro.



QUINTA.-

A entrada en vigor do convenio será desde a data efectiva de incorporación do bolseiro a ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA (ACLUXEGA). A súa duración será dun ano podendo prorrogarse por catro meses adicionais se existe conformidade ao respecto polas dúas partes.

SEXTA.-

As controversias que puidesen xurdir da interpretación do presente convenio resolveranse por unha Comisión Mixta constituída por un representante designado por cada unha das partes e presidida polo director xeral do lgape, a cal se reunirá a convocatoria de calquera dos seus membros, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e correspondendo contra os mesmos recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Santiago de Compostela.

SÉTIMA.-

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

A entidade colaboradora someterase aos mecanismos de inspección e de control que o lgape considere convintes, vinculadas ás actividades formativas dos beneficiarios en relación coa bolsa concedida

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

OITAVA.-

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas e no disposto por elas, polas normas de Dereito Público español, isto é, a Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normas subsidiarias.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asínase por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

Polo lgape:

Pola ASOCIACIÓN CLUSTER DA XEOTERMIA GALEGA
(ACLUXEGA)

D. Juan Manuel Cividanes Roger
Director Xeral

D./D^a
Presidente/a